

A COLECCIÓN BENITO SOTO¹

SABINO TORRES FERRER

O SEMANARIO CIUDAD

Tiñan razón os que dixeron que a *Colección Benito Soto* naceu porque nos pecharan *Ciudad*.

Ciudad era un semanario que xurdiu no ano 1945 pola conversión doutro modesto semanario, no que eu entretiña as miñas afeccións ó par que lle botaba unha man ó *Pontevedra C.F.* recién creado pola xuntanza de dous históricos: *Eiriña* e *Alfonso*. Meu pai, entendía que a cidade tiña que ter un periódico diario e ó editar un semanario, abría un bo camiño para conseguir esta meta. El non podía coa financiación dun diario, nin tiña a maquinaria necesaria, e facía o que podía. A Guerra deixara a Pontevedra nun longo silencio de letra impresa e onde antes había tres diarios e máis dun semanario, nos anos corenta non quedaba ningún.

Dirixiu esta primeira etapa de *Ciudad*, Emilio Canda, un exquisito xornalista, do que hai poucos meses choramos a súa morte en Madrid. Canda marchou pronto á Capital de España coa revista *Finisterre*, que editaba e dirixía, e que sen dúbida foi unha das importantes publicacións da Galicia de tódolos tempos; eu ocupei o seu posto na dirección de *Ciudad*.

Cambiei moitas cousas. Convencín a Celso Emilio Ferreiro para que se unise a esta nova redacción na que estaban tódolos meus amigos, (Cuña Novás, Negreira, Peláez, Virxilio Novoa Gil.) e se puxese á fronte dela.

Eran tempos difíciles para o xornalismo. Mais nós tiñámo-lo lume da xuventude nas mans; un lume inconformista, molesto. Foi lóxico que o

lume nos queimase. Meu pai, o editor, sen recibir outra cousa que a incompreensión das xentes, canso de perder diñeiro e clientes, acalou a voz que semanalmente convocaba ós pontevedreses e a cidade volveu á súa mudez. Corría o ano 1948.

A COLECCIÓN BENITO SOTO

Sentiámo-la morte de *Ciudad* coma a dun bo amigo. Deixou na alma, no cotián quefacer, un difícil baleiro que non sabíamos como encher.

Seguía reuníndome con Cuña e con Negreira na vella redacción de *Ciudad*, convertida agora en almacén de papel. Alí, nun currunchito, durmía a vella mesa de redacción, que parecía avergoñada da súa inactividade, e pola fiestra do patio sempre cheo de flores, seguían chegando na tardiña, as notas da Orquestra de Cámara, repasando unha e mil veces, a Pequena Música Nocturna de Mozart.

Tiña unha idea, e expúxena nunha desas reunións na vella redacción:

«Vou editar libros de versos. Os nosos libros, os libros dos nosos amigos. Faremos unha colección de libros, sen permisos oficiais, sen dar conta á censura, senón ó noso corazón... como correspondende á verdadeira maneira de entender a poesía: ceibe. Será unha colección pirata.»

«Entón –entreviu Álvarez Negreira– se é pirata, ¿por que non lle chamamos «Benito Soto?»»

Gustounos a idea e non era mala cousa adicar o noso esforzo editorial a unha figura pontevedresa, tan interesante, como era o pirata da Moureira, de alma delicada, barba loura, ollos azuis, corazón duro e empaque distinguido, como o describiría Ferreiro, nunha folla de propaganda que editamos. Dende a nosa óptica, Benito Soto era un personaxe apaixonante.

¹ Este artigo é unha recreación de dúas conferencias pronunciadas na Casa de Galicia en Madrid (8-6-1999) e no Teatro Principal de Pontevedra (30-11-1999) co gallo da homenaxe adicada á *Colección Benito Soto*.

«Faremos entregas de dous libros cada trimestre, ou cando nos pareza, –fun informando ós dous amigos– e os primeiros libros serán vosos. Eu irei na segunda entrega. Rafael e Portela debuxarán as portadas.»

Emilio Álvarez Negreira trouxo un pequeno libro: *Madrigal*. Cuña Novás retrasaba o proxecto. Deu unha convincente explicación: «estou malo, non sei o que teño que non me deixa escribir, nin corrixir os poemas.»

Eu corrín a vez e alí, sobor das caixas da imprenta, ordenei e corrixín algúns poemas de amor, dun caderno que chamaba *Cuaderno de Carmen*, porque ese era o amor daqueles momentos –e no corazón quedou para sempre– anque no libro había outras mulleres.

Traballei algunhas noites na soidade da imprenta de meu pai, compoñendo e imprimindo aqueles dous libros: *Madrigal* de Emilio Álvarez Negreira e o meu que chamei *Como el río* (anos máis tarde, en nova edición, devolvílle o seu primeiro nome: *Cuaderno de Carmen*). Despois encaderneinos. Foi unha edición sinxela de 200 exemplares, que se repetiron tres veces, non porque se vendese nas librerías, senón porque estes libros foron utilizados para a promoción da Colección. Estaban prestos e convoquei ós meus amigos, no lugar de sempre: a vella redacción do semanario *Ciudad*. Estaban Cuña, Negreira e Rafael Alonso, que debuxara unhas preciosas viñetas para as portadas dos libros. Era un milagre que xurdía da nosa necesidade de comunicarnos. Corría a primavera de ano 1949.

Cos libros nas mans e xa imaxinando os nosos nomes nos escaparates das librerías, asustounos a audacia de saír á rúa sen permiso ningún, sen censura, sen ningún dos trámites que obrigaban a calquera publicación.

Foi miña a decisión de consultar aquela audacia xuvenil con Celso Emilio Ferreiro, que non coñecía o noso proxecto. Celso Emilio era para nosoutros, a pesar de ser máis vello, un bo camarada, e para min en particular un irmán maior. Aprobou con grande entusiasmo a colección e a maneira de poñela na rúa e coa súa «humanidade combatente» como despois diría Emilio Álvarez Negreira, tomou o temón da reencontrada *Burla Negra* –nome da nave de Benito Soto– e escribiu cartas, falou con amigos, publicou comentarios dos nosos libros e deu a coñecer en tertulias e coloquios este proxecto que era xa tamén del. Botounos unha man Camilo José Cela, que publicou artigos na

prensa nacional, e un deles está recollido no libro *Café de Artistas*. Tamén Borobó nos seus *Anacos en La Noche*, falou eloxiosamente, moitas tardes da colección, coma tantos outros amigos...

E así comezou a fermosa singradura que durou ata a primavera de 1952. No día da festividade de San Cibrán acabou de imprimir o libro *Fabulario Novo* de M. Cuña Novás. Foi o derradeiro libro da colección. E foi fermosa singradura, porque nela se abriron os vellos arcóns onde tanta poesía agardaba o momento da súa publicación, e tamén porque novos ventos, de proxectos editoriais, chegaron ata a nosa xeografía, acabando coa *longa noite de pedra*, na que vivía a cultura galega.

O noso proxecto tivo un eco extraordinario. A escaseza de editoriais con continuidade na nosa terra, e tamén polo anuncio da edición de libros en galego –a seguinte entrega foron os libros dos irmáns Álvarez Blázquez, *Poemas de ti e de min*, en galego, e *Dona do corpo delgado* de Cunqueiro despois– naquel momento case inexistentes (recordo só a edición de *Cómaros Verdes*, de Aquilino Iglesia Alvariño, en 1947; e *Brétemas Mariñáns*, de Celestino Luís Crespo) xa que nós proclamabamos que a nosa colección era bilingüe e igual cabida tiñan os poetas galegos que escribían en castelán, como os que o facían en galego, porque daquela, os malditos, os que gardaban os seus versos porque existían moitas dificultades e por qué non dicilo, xustificadas medos, eran os poetas que escribían en lingua galega.

O enderezo da editorial era na Rúa Nova de Abaixo, mais a vida literaria da Colección centrábase na imprenta que meu pai tiña na rúa de don Filiberto, esta rúa pontevedresa que perdeu os apelidos dun ilustre personaxe, primeiro no dicir das xentes, logo no nomenclátor municipal.

Conservo a primeira lista de subscritores que acudiron á chamada do manifesto que redactou Celso Emilio Ferreiro, en colaboración con Emilio Álvarez Negreira. Son noventa. Número que se ampliou ata cento sesenta e tantos. Non podo precisar o número exacto, pero bastantes máis dos que vaticinou Julio Sierra, un heterónimo de Borobó, quen nun eloxioso artigo en *La Noche*, admitía un máximo de vintecinco, tendo en conta que ese era o número de poetas con posibilidades económicas suficientes para mercar libros.

Pronto chegaron as primeiras nubes negras anunciadoras da tempestade, como comentou Álvarez Negreira. Una mañá recibín recado do

Alcalde para que o visitase urxentemente. Por aquel tempo era Rexedor da cidade don Remixio Hevia, bo alcalde e amigo dos poetas locais. Don Remixio recibíume con afecto e, coa solemnidade propia nel, informoume:

«Un grupo de pontevedreses, ilustres representantes da Cultura e da Sociedade, visitáronme, para que eu intervisse en pro de eliminar da colección de poesía que vostede edita, *o nome infamante para a cidade e tamén para a cultura, do pirata Benito Soto, aforcado en Xibraltar, e a súa cabeza posta no alto dunha pica, á entrada do porto, para escarmento...* Ante a gravidade do caso —e ó dicilo sorriu, burlón— díxenlles que había que recorrer a instancias máis altas... e mandeinos ó Gobernador.»

Don Remixio ergueuse da solemnidade da súa cadeira e, cousa rara nel, o que mostraba o seu afecto por nós, acompañoume ata a porta. Golpeándome carifiosamente no brazo díxo:

— «Estea vostede preparado. Chamarano.»

A chamada anunciada por don Remixio non tardou, e aquela mesma tarde comparecía ante o Gobernador.

Era por aquel tempo Gobernador de Pontevedra don Xosé Solís Ruiz; recibíume serio e case sen preámbulo ningún, fóra o da cortesía, leu o parágrafo do proceso de *Benito Soto* que xa me referira o Alcalde. Tiña o libro aberto sobre a mesa. Deixáranos os ilustres pontevedreses que ata el chegaron *avergoñados da infamante rapazada, froito da nosa falta de cultura*.

Aclareille a don Xosé, que esa era sempre a postura típica dos que entenden que a Cultura e só cousa deles.

«Si, sabemos quen foi Benito Soto. Estamos reunindo datos para unha biografía —informei ó Gobernador—. Si, sabemos que foi un despiadado matador de homes, mais puxemos o seu nome á nosa colección poética porque nos consta que Benito Soto —aquí botei man da tola imaxinación— era un moi bo poeta, unha especie de Lord Byron e Federico Barbarroja. Se Benito Soto naceuse en Inglaterra ou en Holanda...»

E tan brillante e apaixonada debeu se-la miña exposición que don Xosé Solís deu por concluído aquel asunto. Despois pedíume que o informase do noso proxecto editorial. Ó despedirse sorprendíume cunha estraña petición:

— «Fágame, a título persoal, subscritor de honra.»

Nese momento éranos unicamente don José Fernández López e don Álvaro Gil Varela.

O curioso, é que aqueles ofendidos pontevedreses non sabían o doado que resultaba prohibirnos uns libros totalmente ilegais. O gobernador tampouco coñecía a nosa ilegalidade.

Como editor de *Benito Soto* viaxei por toda Galicia tomando contacto persoal con moitos poetas daquel tempo. Houbo unha excepción: Lugo. As miñas relacións coas xentes desa cidade e da súa provincia, foron sempre ou epistolares, ou a través de terceiras persoas. Lugo quedaba moi lonxe, para os medios de comunicación daqueles anos. Así de Manuel María, ou de Luís Pimentel, foi Aquilino Iglesia Alvariño, que trasladara a súa cátedra de Lugo a Pontevedra, quen trouxo a súas noticias e os seus libros.

Sempre sentín non coñecer persoalmente a Luís Pimentel. Se eu estivese con el, o libro *Barco sin luces*, que non coñecía, tantos anos inédito porque ninguén quería publicalo, malia levar un prólogo de Dámaso Alonso, sería publicado pola nosa colección. É para min un dos máis belos libros escritos en Galicia neste século.

Alvaro Cunqueiro estaba en Mondoñedo, confinado nos seus límites municipais. Tiña problemas. As familias forzaran a separación do seu matrimonio e cada un vivía afastado do outro, en dúas vilas distintas, cun bosque e unha presada de quilómetros polo medio.

Enviou un libro singular: *Dona do corpo delgado*, que pola súa calidade e tamén polo nome do autor mereceu unha orde de edición preferente. Cunqueiro non sabía de isto e ós poucos días do libro recibín una cariñosa carta del, urxíndome na publicación, e coñecendo as nosas limitacións económicas, estaba disposto a contribuír con algún diñeiro. Contestei á volta de correo dicíndolle que o seu libro saía na próxima entrega, como así foi, e que lle agradecía a súa colaboración que non necesitabamos. Mais non deixou de estrañarme que un poeta da calidade de Cunqueiro, mostrase aquel interese por un pequeno libro, coma un principiante.

Anos máis tarde, polo propio Cunqueiro souben que *Dona do corpo delgado*, libro que o poeta dedica á súa muller, foi homenaxe a aquel afastamento imposto.

Cumprindo co noso compromiso editorial e con algunha que outra falta perdoable, foron saíndo da imprenta os nosos libros: I. *Madrigal*, Emilio Álvarez Negreira; II. *Como el río*, Sabino Torres Ferrer; III e IV. *Poemas de ti e de min*, Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez; V. *Dona do corpo delgado*,

Alvaro Cunqueiro; VI. *Gárgolas*, Tomás Barros; VII. *Anxo de terra*, Ricardo Carballo Calero; VIII. *Cantos de cotovía*, Eliseo Alonso Rodríguez; IX. *Triscos*, Luís Pimentel; X. *Muiñeiro de brétemas*, Manuel María; XI. *El dios de los precipicios*, José Ruibal; XII. *Cantigas da noite moza*, Augusto Casas; e despois das transformacións de 1951, nas que se amplían a coleccións: XIII. *Follas de un arbre senlleiro*, Manuel Fabeiro Gómez; XIV. *Canciós dise amor que se diz olvido*, Juan Pérez Creus. Nestas derradeiras edicións foron transformadas as presentacións dos libros con novas portadas.

Faltaba a cita editorial do máis apaixonado colaborador. E Celso Emilio Ferreiro supriu esta falta cun feixe de traducións de poetas alemáns feita en colaboración con Antonio Blanco Feixeiro. Recordo o proceso destas traducións que Blanco Feixeiro facía directamente do alemán dunha antoloxía traída dunha das súas viaxes, e Ferreiro recreaba a tradución ó seu xeito. Foi, sen dúbida, unha colaboración moi eficaz que creou un libro precioso; acaso os versos da máis alta valoración lírica do poeta de Celanova.

Importa moito destacar aquí como recordatorio e homenaxe, a Antonio Blanco Feixeiro, esquecido nesta a súa terra pese a ser Subdirector do Museo do Prado e director do Instituto Español en Roma, ademais de recoñecido arqueólogo e catedrático. Morreu como Secretario da Academia da Historia.

Mais tornemos a *Musa Alemá*, o libro de Ferreiro e Blanco Feixeiro. A súa excepcional calidade pedía unha edición especial e na mesma puxemos o noso maior entusiasmo. Tivo un tratamento distinto: novo formato e a cualificación de primeiro número extraordinario. Rafael Alonso debuxou unhas belas ilustracións, onde as manchas de cor foron gravadas en pranchas de linóleo, porque había que seguir coa tradición linoleísta de Pontevedra e tamén porque así aforrabamos algúns cartos, —dos que sempre estabamos escasos— xa que as ilustracións saían máis baratas.

Coa edición xa acabada, cometemos un pequeno pecado, e os pecados páganse sempre. Don Carlos Caba, brillante escritor, autor da novela *Volfrand, Volfrand*, que conta a odisea do volframio nos montes de Silleda durante a II Guerra Mundial, con quen nos reuniamos a cotío na taberna da *Niña Bonita*, onde tiña tertulia con Aquilino Iglesia Alvariño, e con Agustín Portela, e Ferreiro, e Pesqueira Salgado, na súa condición de subcomisario de policía, recordábanos amistosamente

a nosa precaria situación legal. *Musa Alemá* pola súa calidade poética e tamén polos seus autores, pareceunos o libro ideal para poñer un pouco de cordura na nosa navegación en corso.

Uns días despois de presentar formalmente a petición de autorización do libro, esta foi denegada. O Director Xeral de Propaganda, don Pedro Rocamora, acolléndose a un decreto que deixaba ó seu arbitrio a autorización de traducións a dialectos peninsulares, non autorizou a publicación de *Musa Alemá*. Cotexado o tal decreto, nel indicábase que a lingua galega era unha lingua peninsular e non un dialecto, polo que a resolución do Director Xeral non era correcta.

A Celso Emilio Ferreiro encantábanlle este tipo de escritos e redactou o prego de descargos. Ferreiro estivo irónico, duro, coa decisión do Director Xeral, e este respondeu —ante a información do delegado Provincial da Vicesecretaría de Educación Popular, Julián Álvarez Villar, de que o libro xa estaba nas librerías, malia a prohibición— ordenando a recollida da edición, con multa que habería de incrementarse por exemplar non recuperado da solicitude de tirada. Non recordo nin esa cantidade nin a multa, só sei que non se recolleron sesenta e tantos exemplares. Era para min moito diñeiro, demasiado diñeiro.

Xa contei moitas veces a miña soidade ante o delegado de Educación Popular, quen despois da recollida dos exemplares da edición, aínda se afanaba en cobrar a multa, ameazándome coa cadea. Xamais pensei pagar, bastante tiña coa perda de tan belo libro.

Tomei a resolución de presentarme ó Gobernador; era subscritor de honra e seguro que me axudaría. Recorrín a un bo amigo, Santiago Mariño Acuña, que era o seu secretario particular. Este preparou a entrevista, que agora na distancia nos parece a todos divertida, pero daquela, eu non as tiña todas comigo.

— «Veño a entregarme — foron as miñas primeiras palabras ante don Xosé Solís.

— ¿Pero que fixo vostede? — as palabras do Gobernador amosaban a súa sorpresa ante o meu rogo.

— Un libro de poesía. Mais Julián Álvarez Villar empéñase en convencerme de que cometín un delito e ou pago a multa ou vou á cadea».

Deu orde ó seu secretario para que localizase a Álvarez Villar, que se encontraba ós poucos instantes ó outro lado do fio.

Entendín, na conversación telefónica, algunhas razóns que o delegado provincial de Educación Popular daba ó Gobernador, quen ó cortar a comunicación pediu unha nova chamada con don Pedro Rocamora. O Director Xeral parecía falar de grupos separatistas, de maquis... e Solís respondíalle:

«Se só son un pequeno grupo de poetas novos... Si, eu respondo por eles.»

A multa foi anulada, mais os libros quedaron nos almacéns da Delegación Provincial de Educación Popular. O expediente que prometeron revisar, nunca chegou a unha resolución final. Acabou con el o lume. Un día por falta de espazo nos almacéns a edición foi queimada. Aínda que a pedín, non puiden facerme coa acta dese acto administrativo. Transcorría o ano 1951. Agora, en 1999, a *Colección Hipocampo Amigo*, un fillo tardío da *Colección Benito Soto*, case un neto, edita esta obra, coa colaboración do Concello de Pontevedra e a Xunta de Galicia, nunha edicións facsímil, daquela queimada nun incomprensible acto administrativo.

Quero recordar a dúas persoas, compañeiros e colaboradores da *Colección Benito Soto*, dos cales nada se di, nas moitas comparecencias dos poetas da mesma. Creo que é chegado o momento de poñelos na historia desta aventura editorial. Estou referíndome a Antonio Puig Sanmartín e Jesús de la Sota –Suso de la Sota coma lle chamabamos–. O primeiro, por aqueles días estudante de Filosofía, foi quen predeu en nós o amor á nosa cultura, ás nosas tradicións, á nosa lingua, e colaborou no bo dicir e escribir dos nosos textos en lingua galega. Fun con el por algúns anos, a Santiago, no día do Patrón, para asistir á misa por Rosalía en Santo Domingo de Bonabal. A misa que en tempos se chamou dos ateos polo pensamento que animaba ós seus organizadores. Suso de la Sota, exquisito debuxante, foi rigoroso crítico cos nosos proxectos, e compartiu dalgunha maneira a dirección artística co seu extraordinario amigo, Rafael Alonso.

A TERTULIA DO BIRIMBAO

Aínda cando ó final das mañás, asistíamos á tertulia de Ramón Peña, no *Café Savoy*, á que concorían tódolos artistas daquela, tiñamos tertulia propia no café *Carabela*, os mozos da *Colección Benito Soto*, e algún non tan mozo coma Luciano del Río e Emilio Quiroga. Celso Emilio Ferreiro

que asistía de cando en cando, chamoulle do *birimbao*, coido que polo ruidoso comportamento e porque o instrumento en cuestión, ten a caixa de resonancia na boca de quen o tanxe.

A tertulia tivo unha feliz traxectoria e foi recollida pola radio local do bo amigo José Hermida Vidal que desbordaba entusiasmo en participar coa emisora en todo quefacer pontevedrés. Non tivo éxito, a pesar dos nosos esforzos en facela animada. Primeiro retransmitíase dende o propio *Carabela*, logo dende os estudos da emisora, pero non puido coa indiferencia dos oíntes.

A colección tiña tamén unha forte participación en tódolos eventos culturais da cidade, aínda despois da súa morte xa que o grupo poético seguía soñando novas singraduras. Desta etapa, aínda cando xa estabamos metidos nun novo proxecto, quero destacar un feito singular.

Nos xardíns de *Las Palmeras*, baixo un fermoso cedro, no lugar onde hoxe está unha paxareira, erguíase maxestosa unha ciclópea estatua de don Ramón María del Valle Inclán. Estabamos os mozos poetas, organizando unha xornada do III Congreso Internacional de Poesía e alí, ó pé do monumento, os poetas pontevedreses recitarían os seus versos en honor dos invitados vidos de todo o mundo. Eu pasaba case tódolos días por ese lugar para ir á tertulia. Gustaba de saudar a don Ramón, acaso porque de neno, como estudante do Instituto, asistín á inauguración do monumento, que regalaron á cidade de Pontevedra os estudantes da escola de cantería de Tui. Certo día, ante o meu asombro, o monumento non estaba no seu sitio nin en ningunha outra parte. Podedes imaxinar as gargalladas dos meus amigos cando lle dei a noticia. Fomos todos a comprobala e non entendiamos como da noite para a mañá, desaparecera unha mole de pedra de case catro metros de altura por un de perímetro; supoñíamos no silencio de calquera noite. Protestamos, recorremos á policía, ás autoridades, todos se sorprendían, pero ninguén moveu un dedo para esclarecer o misterio.

¿E o noso recital? Tiñamos que facer algo. Rafael comezou a debuxar un monolito, onde algún outro falou da inscrición duns versos. Nunha canteira, creo que polo monte de san Cibrán, apareceu unha pedra marabillosa. Era moi grande e non tiñamos maneira de traela ata os xardíns de *Las Palmeras*. Con moito pesar fomos reducindo a extensión da pedra e aí está cos versos de Rubén, na mesma zona có monumento desaparecido. Os

poetas puidemos dici-los versos e a cidade tivo un novo monumento a Don Ramón. Cativo, pero Rafael Alonso non puido facer outra cousa, sen cartos. A pedra foi regalo da canteira, o transportista non cobrou, e o canteiro que labrou os versos, tampouco. Os poetas non tiñan diñeiro.

Anos despois descubrimos o desaparecido monumento a Valle Inclán no alto da Curotiña, as costas da Pobra do Caramiñal. O que aínda non sabemos é como chegou ata alí, porque aínda ninguén o contou, e era boa cousa que se lle dese unha explicación ó pobo de Pontevedra, dono do monumento.

AS NOVAS COLECCIÓNS E FABULARIO NOVO

O ano 1951, foi un ano importante na Colección e no grupo editorial. Celso Emilio Ferreiro trasladou o seu domicilio a Vigo. Considerei que era o momento de devolver a Emilio Álvarez Negreira a dirección da colección, que levaba practicamente dende o seu posto de secretario.

Con respecto á participación de Celso Emilio Ferreiro na Colección, escribiuse moito e lamentablemente mal. Deixemos claro que Ferreiro foi o máis apaixonado paladín e o seu primeiro director, pero chegou a ela cando estaba xa iniciada e foise antes da súa desaparición. Está claro nos cadros de redacción que aparecen nos primeiros e últimos libros.

Neste ano de 1951 creáronse no programa editorial dúas novas coleccións: *Huguín*, de ensaios, dirixida por Luciano del Río e que publicou un libro de Xulián Marías, *La escolástica en su mundo y en el nuestro*, que creo foi o primeiro libro despois da súa ausencia pola Guerra Civil; *Poesía gallega contemporánea*, de Ramón González Alegre e tamén *Notas sobre la pintura de hoy*, de Jean Bazaine, traducida por Ricardo Gullón. Nesta colección colaborou un tamén animador da tertulia do *Birimbao*, Pedro Pérez Carvajal. A outra colección *Cuadernos de Arte Gallego*, que dirixiu Rafael Alonso, publicou unha monografía de José Ruibal do pintor *Laxeiro*.

Fabulario Novo, o extraordinario poemario de Manuel Cuña Novás, foi sen dúbida outro importante fito na pequena historia da *Colección Benito Soto*, e tamén na poesía de Galicia.

Foi un libro que o poeta xestou durante moitos anos. Estaba case preparado para ser o primeiro e

foi o último libro da Colección. Participei con Álvarez Negreira en todo o proceso de creación e recordo a primeira lectura do poema *Noite Maior*. quedei entusiasmado con aqueles versos que comezaban

*Baixan segredos sonos a escada dos fulgores,
ata a foxa onde enterro o meu anxo...*

Foi tanto o meu entusiasmo polo poema, que emerxía con forza ante a poética en uso, na nosa terra, que sobre a marcha imprimín unha folha con aqueles versos, folha que repartimos polas tabernas de Pontevedra, namentras recitabamos o seu encanto poético. Unha tremenda borracheira foi premio daquel «raid» literario.

Cuña Novás era poeta querido e esperado por todos como sucesor de Pondal, de Curros, de Cabanillas. García Sabell a pesar da miña solicitude, non se comprometeu a prologar o libro, que se mostraba ante el con moitas dúbidas e cunha linguaxe estraña. Fíxoo un poeta: Fermín Bouza Brey.

O libro de Cuña despertou as máis disparatadas controversias. Era unha poesía nova, distinta, da que se levaba e chegaba coma unha bafarada de aire fresco á literatura galega. Eu puxen na edición do libro, o meu afecto ó poeta e a máis alta admiración pola súa poesía, e aínda cando fixemos una belísima edición, esta non se vendeu. Agora, na conmemoración do cincuentenario da *Colección Benito Soto*, os poucos que quedamos desta aventura poética, agradecemos á Deputación Provincial a reimpresión deste libro, en edición facsímile, e así cumprimos cunha promesa feita hai anos ó poeta.

Na nosa breve vida editorial, dous proxectos quedaron no camiño sen chegar a realizarse. Un deles foi anunciado por Borobó, nun dos seus *Anacos* en *La Noche*, sen dar nomes. Queríamos facer en prosa o que se conseguira en poesía. Unha colección de narrativa breve.

Outro dos proxectos pretendía encerrar nun gran libro, toda a grandeza do Pórtico da Gloria da Catedral compostelana. Ergueríase unha estada sobor da cal un grupo técnico formado por un escultor, un crítico de arte e un fotógrafo, mostrarían, utilizando espellos, as caras coñecidas e as ocultas, en planos novos e orixinais. O libro levaría tres textos: sobre o camiño de Santiago, sobre Compostela e sobre o Pórtico en si, que escribirían Euxenio Montes, Santiago Montero Díaz e Euxe-

nio D'Ors. Un grupo de médicos santiagueses, capitaneados polo traumatólogo, Sr. Álvarez Álvarez, financiaría o proxecto. Un accidente deixou inútil ó doutor Álvarez, accidente que despois foi causa da súa morte, e o proxecto naufragou por falta de líder no mecenado.

FINAL E PRINCIPIO DUNHA NOVA AVENTURA

Corría o ano 1952. As tempestades que azoutaron a nave editorial, foron minando o meu entusiasmo, e tamén por qué non dicilo, as complicacións económicas xurdidas coas novas Coleccións, tamén axudaron a certo desalento que silenciou as edicións dos libros.

Chamou por min, ó seu despacho en Vigo, don Valentín Paz Andrade. Falamos das edicións. O Consello de Galaxia, creada un ano antes, comunicoume don Valentín, estaba preocupado pola situación que aparentemente atravesaba a Editorial. Queríanme axudar. «Don Xosé Fernández López deixou claro, na reunión onde foi tratado o tema –informou don Valentín– que a Colección Benito Soto tiña que continuar, e haberá que dar a Sabino Torres toda a axuda que precise».

Foi Viñas Cortegoso embaixador para tratar estas axudas. Despois de varias entrevistas quedou clara a postura de Galaxia; non do seu Consello de Administración, senón dos xestores da nova editorial, que o que pretendía era quedarse coa Colección sen dar nada a cambio. En verdade que se enfrontaban dúas posturas contrapostas. A nós só a poesía e a aventura nos importaba; para eles existían outros camiños, outras metas máis comprometidas.

Con moita amargura e desazo metín tódolos libros do fondo editorial, os papeis, os orixinais sen publicar, que eran moitos porque alí estaban os libros das voces novas da nosa literatura, a correspondencia, os proxectos, nun vello veleiro que agardaba o despece, non tan airoso e mariñeiro coma a *Burla Negra* de don Benito Soto, pero que chegaba para convocar a vella redacción baixo o mando de Rafael Alonso, que ben coñecía eses mesteres da navegación. Saímos ó alto mar, e nun currunchito do Atlántico, prendemos lume ó vello galeón, e tantos afáns, proxectos e esperanzas, purificáronse nas chamazas que aireaba a brisa do mar.

Foi unha longa navegación a da volta ó porto; case un ano remando en calmas e borrascas.

Chegados ó porto, aínda nos quedaban forzas para ultimar un libro que deixamos inconcluso: *Romería*, de Ramón González Alegre.

Despois coa axuda de Emilio Álvarez Negreira, metínme na aventura dun novo periódico: *Litoral*, do que fun editor, subdirector, e tantas cousas...

Este belo acabamento, e fantasiosa visión duns feitos acaecidos... Porque José Ruibal, levou con el a América, un par de grandes caixóns no que metemos moitos dos nosos fondos editoriais e bo traballo fixo con eles porque dende a súa arribada comezaron a coñecernos e apreciarnos, na outra beira do mar. A Cuña Novás, polo seu *Fabulario Novo*, concedéronlle un importante premio. A historia de *Musa Alemá*, foi levada ante a UNESCO polos Centros Galegos, como mostra de persecución da lingua galega.

O incendio tamén é algo certo xa que un pequeno lume na miña casa levou documentos e correspondencia.

E o ano perdido no mar foi o tempo que vivimos en tertulias e traballos á marxe do noso apaixonado quefacer, atopado novamente no semanario *Litoral*.

Durante trinta anos, a miña vida transcorreu á marxe dos libros e da poesía, afastado de amigos e ilusións, lonxe da miña cidade, e soamente nas xornadas vacacionais atopaba coa poesía neste marco idílico de Pontevedra, onde a vida cotiá pasaba coma unha película a través dos cristais do *Café Savoy*, que gardaba a quentura das vellas tertulias.

Nestas viaxes a Pontevedra, reuníamonos para xantar, os mozos de *Benito Soto*, xa gozando da ancianidade, en calquera dos moitos restaurantes da nosa cidade. Foi o derradeiro xantar, en Aios, na casa de Manuel Cuña Novás. Esa casa do poeta xunto á praia, onde nalgúns serás nos atopabamos con Manuel María, e tamén co marxestoso bardo do Caurel, Uxío Novoneira, que nestes días choramos a súa morte.

Estabamos nese derradeiro xantar, con Cuña Novás, Rafael Alonso, José Ruibal, Emilio Álvarez Negreira e eu. Josefina, a muller do poeta, serviu unha espléndida comida, na que falamos de novos proxectos nos que eu debería pensar en volver a navegar coa *Burla Negra*, nave do noso pirata don Benito Soto.

Meses despois, na primavera de 1992, anunciei o novo proxecto. Cuña Novás estaba xa moi

enfermo. «¡Volvemos a toparnos coa poesía! Chamarase a colección, *Hipocampo Amigo*. (Título tamén aportado por Emilio Álvarez Negreira, que volvía a ser o meu colaborador máis íntimo e máis crítico, sempre ó meu lado, coma un rebuldeiro trasgo disposto a enredar os soños, e que hoxe en soidade, garda celosamente o recanto do *Café Savoy*, para que eu en cada volta á miña cidade encontre unha cadeira na vella tertulia). Coma nos vellos tempos. Mais agora irás ti e Negreira, na primeira entrega –dicfalle a Cuña na súa casa de Campolongo– despois irei eu. Tes un libro en castelán. Negreira xa entregou o seu. Gustaríame que corrixises o meu libro que escribín nun verán, na Lanzada, porque ti tamén dur-

miches moitas noites acarñado co rumor das súas ondas».

Días máis tarde entregoume un orixinal gardado durante corenta anos. Ó meu regreso a Madrid, púxenme mans á obra, na edición dos libros. Aproveitando unha viaxe de Rafael Alonso a París, que descansou un par de días na miña casa, ilustrou as dúas edicións: *La pasión en el tiempo*, de M. Cuña Novás e *Sonetos de quicio volante*, de Emilio Álvarez Negreira.

O venres 14 de maio falei con Cuña por teléfono, anunciándolle o libro acabado. Cando cheguei a Pontevedra, o meu amigo non puido recibir os exemplares que levaba para el. Estaba nun ataúde coas mans enlazadas na nada.